



PREGUNTAS FRECUENTES

Bonos de innovación IN848F (convocatoria 2023)

1. **Teño un informe motivado vinculante ex-ante do CDTI que certifica o meu proxecto de I+D de acordo coa Lei do Imposto sobre Sociedades, ¿valeríame para xustificar o Bono da Liña 2A?**

Non, únicamente serán subvencionables as actuacións relativas a proxectos que se tramiten a través da obtención do certificado (informe técnico e económico) emitido por unha entidade de certificación acreditada pola ENAC requirido para a solicitude do informe motivado tipo a (informe motivado *expost*).

2. **Pódense incluír servizos de consultaría para a obtención de incentivos fiscais a I+D+i e bonificacións? (artigo 7.5.a, da convocatoria)**

Sí. Na liña 2 A está dedicada á contratación de servizos para a tramitación de incentivos fiscais á I+D+i e bonificacións da Seguridade Social para o persoal investigador no exercicio fiscal 2022. Até un límite de axuda de 5.000 €.

- a) Deducións fiscais por I+D+i, proxectos que se tramiten a través da obtención do certificado (informe técnico e económico) emitido por unha entidade de certificación acreditada pola ENAC requirido para a solicitude do **informe motivado tipo a** (informe motivado *expost*) artigo 26.7.i.1.
- b) Bonificacións de persoal investigador, en empresas que a apliquen ás cotas da Seguridades Social de **dez ou máis investigadores**. Deberase obter un certificado (informe de cualificación de persoal investigador) a través dunha entidade de certificación acreditada pola ENAC para a solicitude do **informe motivado tipo d**, artigo 26.7.i.2.



3. Pódense incluír os servizos de consultaría para a presentación de convocatorias de subvencións de proxectos de I+D+i en colaboración, sen ser a empresa líder? (artigos 7.5.b , 8.1, 8.3.b.ii)

Sí. Os custos subvencionables son nos que se incorre directa e inequivocamente por parte da empresa solicitante e están definidos na convocatoria.

Para un mesmo proxecto de colaboración se establece un **máximo de dúas entidades** do consorcio beneficiarias da axuda, sen que sexa necesario que unha delas sexa a líder.

4. Unha persoa que exerce a súa actividade económica no réxime de autónomos pode acceder a estas axudas? (artigo 2.1)

Si. Tal e como se describe na convocatoria, as actividades económicas desenvolvidas a título individual (autónomos/as) teñen a consideración de empresa.

5. Somos unha mediana empresa. Temos opción á presentarnos á liña 1 dos bonos de innovación? (artigo 4.1)

Non. Na liña 1 desta convocatoria soamente poden acceder as micropemes, pequenas empresas e entidades do terceiro sector de acción social con actividade económica.

6. Na liña 2B, son subvencionables os custos dunha consultaría para preparación dun proxecto de I+D+i para preparar a súa presentación na convocatoria do ano 2024, tendo a factura e o contrato pechado nos prazos que establece a convocatoria deste ano? (artigos 7.1, 7.5.b, 25.1 e 26.7.ii)

Non. Tanto as facturas como os pagamentos dos servizos subvencionados teñen que estar no prazo elixible (dende a data de solicitude da axuda até o 6 de outubro de 2023). A tramitación do proxecto de I+D+i a subvencionar deberá estar presentada no período elixible e acreditarse mediante o rexistro de entrada e formulario da solicitude da axuda, no momento de xustificación do bono.



7. É posible contratar expertos independentes, persoas consultoras de contrastada traxectoria, expertos en innovación, ... que facturen como autónomos coa debida retención? (artigo 7.1 e 8.1)

Si. Sempre que se presente a factura emitida polos servizos.

8. É posible solicitar as dúas liñas de axuda?

Si, sempre que se cumpra as condicións das diferentes liñas.

9. Sería subvencionable, dentro da liña 1, o mercado CE?

Non, o mercado CE non é un resultado da actividade de I+D+i. Polo tanto, non sería subvencionable.

10. Está baixo o réxime de *minimis* a convocatoria de bonos de innovación 2023? (artigo 6.2, da convocatoria)

Non, non se aplica o regulamento de *minimis* porque recolle gastos dende a presentación da solicitude, a diferenza da convocatoria do ano 2022, que era dende comezos do ano.

Non obstante, deberase ter en conta as limitacións na intensidade de axuda que se aplican aos custos de servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación que se recollen no artigo 6.2 da convocatoria.

11. Pódense incluír os custes relativos aos informes de cualificación do proxecto que se esixen nas convocatorias Next Generation EU, como por exemplo, no caso dos PERTES? (artigo 7.5.b, da convocatoria)

O custe dos informes de cualificación das actividades do proxecto será subvencionable, sempre que formen parte da documentación de formalización da solicitude da convocatoria de axudas.



12. Na liña 2B, pódense incluír os custes de consultaría para acceder as convocatorias de préstamos, créditos para proxectos de innovación?

Non, esta liña de subvención está dedicada exclusivamente a novas solicitudes de convocatorias de axudas, tal e como figura no artigo 7.5.b da convocatoria e cos requisitos recollidos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ([DOG núm. 121, 25.06.2007](#)), no seu artigo 4.2.